



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEDA

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal núm. 4, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM)

ANUNCIO

Na sesión Plenaria ordinaria celebrada o día 25/11/2024 aprobouse provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM), a cal someteuse a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.231 do 29/11/2024 polo prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación provisional.

Dado que durante o prazo de exposición pública non se presentaron reclamacións ou suxestións, considérase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, e de conformidade co establecido no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, publícase a continuación o texto íntegro da ordenanza.

Contra o dito acordo e a ordenanza os interesados poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de acordo co que se establece nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 4, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

“ARTIGO 1.

De conformidade co previsto no artigo 96 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, as tarifas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, aplicables neste concello serán as seguintes:

POTENCIA, CLASE VEHÍCULO E COTA/ANUAL

TURISMOS:	€
-De menos de 8 hp	18,93
-De 8 a 11,99 hp	51,12
-De 12 a 15,99 hp	107,91
-De 16 a 19,99 hp	134,42
-De máis de 19,99 hp	168,00
AUTOBUSES:	
-De menos de 21 prazas	124,95
-De 21 a 50 prazas	177,96
-De mais de 50 prazas	222,45
CAMIÓNS:	
-De menos de 1.000 kgs. c/u	63,42
-De 1.000 a 2.999 kgs. c/u	124,95
-De 2.999 a 9.999 kgs. c/u	177,96
-De mais de 9.999 kgs. c/u	222,45
TRACTORES:	
-De menos de 16 hp	26,51
-De 16 a 25 hp	41,66
-De mais de 25 hp	124,95

REMOLQUES E SEMIREMOLQUES:	
-De menos de 1.000 kgs. c/u	26,51
-De 1.000 a 2.999 kgs. c/u	41,66
-De mais de 2.999 kgs. c/u	124,95
OUTROS VEHÍCULOS:	
-Ciclomotores.	6,63
-Motocicletas ata 125 cc	6,63
-De 125 ata 250 cc	11,36
-De 250 ata 500 cc	22,73
-De 500 ata 1.000 cc.	45,44
-De mais de 1.000 cc	90,87

ARTIGO 2.

O pago do imposto acreditarase por:

-Carta de pago ou ben recibo tributario.

ARTIGO 3.

1.- No caso de primeiras adquisicións de vehículos ou cando estes se reformen de maneira que altere a súa clasificación os efectos do presente Imposto, os suxeitos pasivos presentarán nos lugares que determina a Deputación Provincial da Coruña, no prazo de trinta días contados desde a data de adquisición ou reforma, declaración-liquidación segundo o modelo aprobado pola mesma corporación, o cal conterá os elementos da relación tributaria imprescindible para liquidación normal ou complementaria procedente, así como a realización da mesma.

Acompañarase á documentación acreditativa da compra ou modificación, certificado de características técnicas e o D.N.I. ou código de identificación fiscal do suxeito pasivo.

2.- Simultaneamente a presentación da declaración-liquidación a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma. Esta auto-liquidación terá a consideración de liquidación provisoria, en tanto que, pola oficina xestora non se comprobe que a mesma foi efectuada mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do imposto.

ARTIGO 4.

1.- No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase no período de tempo que se establecerá ó efecto.

2.- No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarse mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos en que no permiso de circulación figura o domicilio neste concello.

3.- O padrón ou matrícula do imposto exporase o público polo prazo de quince días hábiles, para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición o público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos.

ARTIGO 5.

1.-Os suxeitos pasivos a nome dos que figura o vehículo no permiso de circulación poderán solicitar unha bonificación do 100% na cota do imposto cando o vehículo teña unha antigüidade mínima de 25 anos, contados a partir da data da súa fabricación. Si esta non se coñecese, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data na que o correspondente tipo ou variante se deixou de fabricar.

2.-A bonificación establecida no apartado anterior será de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a Deputación Provincial de A Coruña, achegando a documentación acreditativa necesaria para determinalo sinalado no apartado anterior.

O efecto da concesión da presente bonificación comezará a partir do exercicio seguinte o da data da súa solicitude, non podendo ter carácter retroactivo.

3.- En relación co disposto no parágrafo segundo do artigo 93.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os solicitantes de exención por discapacidade deberán achegar o certificado de discapacidade (en grado igual ou superior ao 33 por cento) emitido polo órgano competente, ou na súa falta, acreditación da condición de pensionista da Seguridade Social que teña recoñecida unha pensión de incapacidade no grado de total, absoluto ou gran invalidez, ou de pensionista de clases pasivas que teña recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade

ARTIGO 6.

No suposto previsto expresamente nesta Ordenanza rexerán os preceptos contidos na subsección 3ª, capítulo II, título II, da Lei 39/88, concordantes e complementarios da mesma e nas demais leis do estado, reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As persoas ou entidades que a data de comezo da aplicación deste imposto gocen de calquera clase de beneficio fiscal no imposto municipal sobre circulación de vehículos de tracción mecánica, continuarán co disfrute dos mesmos no imposto citado, ata a data de extinción de ditos beneficios e, no caso de que os mesmos non tiveran termino de disfrute, ata o día 31 de Decembro de 1992, inclusive.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno en data 20 de setembro do 2007 e publicada no BOP 273 número de data 26 de novembro do 2007 e comezará a rexer o día 1 de xaneiro do 2008, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou a súa modificación expresas".

O que se publica para xeral coñecemento.

Vila de Neda, 21 de xaneiro de 2025

O Alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2025/372